PLAN DE FOMENTO DA LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> <i>Lequelé 3.</i> <i>A nave dos libros 3.</i> <i>Lecturas de aquí e acolá 3.</i> 	
EDUCACIÓN EN VALORES	<ul style="list-style-type: none"> O coidado dos animais. 	
UTILIZACIÓN DAS TIC	<ul style="list-style-type: none"> LibroMedia de 3.º curso. Actividades e recursos correspondentes á unidade. 	

Unidade 12. Que coches máis antigos!

OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

- **Enfoque da unidade.** Nesta unidade, os alumnos traballarán a expresión oral e o vocabulario da unidade falando sobre obxectos antigos e respondendo preguntas sobre unha imaxe e sobre o contido dun texto oral. Traballarán a comprensión lectora identificando os protagonistas, identificando as imaxes que corresponden á lectura e explicando detalles da historia. Lerán un conto popular e analizarán as características deste tipo de texto comentando o contido. Na parte de vocabulario traballarán as palabras compostas. Os textos orais e escritos da unidade servirán aos alumnos para ampliar o seu léxico. Na expresión escrita escribirán vantaxes e inconvenientes e elaborarán un anuncio. En canto ao coñecemento da lingua, estudarán o verbo e as formas verbais que sitúan a acción no tempo. Na ortografía traballarán o uso da coma e dos dous puntos. Como tarefa final, realizarán un exercicio no que traballarán a súa expresión escrita: *Elaborar un anuncio*. Ao final da unidade realizarán un traballo cooperativo no que terán que facer un vocabulario de palabras difíciles.
- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos coñecen parte do vocabulario da unidade. Traballaron a comprensión lectora de diferentes tipos de texto. Tamén traballaron de forma básica os tempos verbais.
- **Previsión de dificultades.** Quizais a algúns alumnos resúltelles difícil respectar todas as fases de planificación da tarefa final.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA AULA

SECUENCIA E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL: dúas primeiras semanas de xuño

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> • Uso de documentos impresos, dixitais e audiovisuais para obter, informacións relevantes para realizar tarefas de aprendizaxe. • Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase). • Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas, respectando as e opinións de quen fala e sen interrupcións inadecuadas. • Participación e cooperación nas situacións comunicativas con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral. • Uso de estratexias elementais para comprender e facer 	<ul style="list-style-type: none"> • Participación nas conversas utilizando as estratexias para o intercambio comunicativo e respectando as súas normas. • Elaboración dun discurso de despedida. • Conversación sobre os obxectos antigos. • Participación nunha conversación sobre os avós e os inventos. • Uso de termos e expresións que se empregan para falar dunha exposición de coches. • Ampliación e uso do vocabulario sobre a exposición de coches . • Respecto e valoración dos sentimentos, opinións e gustos dos outros. 	<p>B1-2. B1-3. B1-4. B1-5. B1-6. B1-8. B1-9. B1-10. B1-12.</p>	<p>LGB1-2.1. LGB1-2.2. LGB1-3.1. LGB1-3.2. LGB1-3.3. LGB1-3.4. LGB1-4.1. LGB1-4.2. LGB1-5.1. LGB1-5.3. LGB1-5.4. LGB1-5.5. LGB1-5.6. LGB1-6.1. LGB1-6.2. LGB1-6.3. LGB1-8.1. LGB1-9.1. LGB1-10.1.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC CSIEE</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Participa nas situacións de comunicación expresándose de forma clara e coherente, utilizando as estratexias para o intercambio comunicativo e respectando as súas normas. • Emprega a lingua oral para explicar o que observa nunha imaxe, para elaborar un discurso de despedida dun acto, para participar nunha conversa sobre os obxectos antigos e noutra sobre a relación dos avós cos inventos, e para reflexionar sobre o contido de textos orais. • Interésase por participar nas conversas da aula. • Usa correctamente o vocabulario que se emprega para falar da exposición de coches. • Lembra os datos necesarios para participar nunha conversa sobre o contido do texto.

<p>comprender as mensaxes orais: entoación, ritmo e xestualidade.</p> <ul style="list-style-type: none">• Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.• Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.• Uso, de forma xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.					
--	--	--	--	--	--

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián. • Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información, identificando e interpretando os datos que se transmiten mediante sinxelos gráficos e ilustracións. • Iniciación ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...). • Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter información e modelos para a lectura. • Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos sinxelos en galego adaptados á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos. • Uso da biblioteca respectando as súas normas de funcionamento e valorándoa como fonte de información e de ocio e participación en actividades literarias. • Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de e de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura e comprensión de distintos tipos de texto. • Lectura en voz alta e en silencio do conto <i>Unha viaxe no tempo</i>. • Uso de estratexias para a comprensión do texto <i>Unha viaxe no tempo</i>: identificación dos protagonistas, identificación das imaxes que corresponden á lectura e explicación de detalles da historia. • Lectura e análise do conto popular <i>O demo noviño</i>. • Valoración da importancia da lectura como fonte de información e diversión. 	<p>B2-1. B2-2. B2-4. B2-5. B2-6. B2-7. B2-9.</p>	<p>LGB2-1.1. LGB2-1.2. LGB2-1.3. LGB2-1.5. LGB2-1.6. LGB2-2.1. LGB2-4.1. LGB2-4.2. LGB2-5.1. LGB2-7.1. LGB2-6.1. LGB2-6.2. LGB2-6.3. LGB2-9.1.</p>	<p>CCL CAA CSC CSIEE CMCCT</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Le textos narrativos e recoñece as características de cada tipo de texto. • Le en voz alta e en silencio o texto narrativo <i>Unha viaxe no tempo</i>. • Emprega estratexias para a comprensión do texto <i>Unha viaxe no tempo</i>: identifica os seus protagonistas, identifica as imaxes que corresponden á lectura; explica detalles da historia; describe o carácter dos personaxes e explica as súas actitudes. • Le e analiza o contido do conto popular <i>O demo noviño</i>, indicando o tipo de texto que é e a intención comunicativa respondendo preguntas sobre o seu contido. • Le en voz alta e en silencio os textos narrativos aplicando as habilidades de lectura adquiridas. • Desenvolve o gusto pola lectura e recoñece a importancia da lectura como fonte de información e de diversión.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> • Uso das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor. • Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións..., de acordo coas características propias destes xéneros. • Composición de textos de información sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, en situacións reais ou simuladas. • Producción de textos relacionados co ámbito académico para comunicar información (questionarios, resumos, descrições, explicacións). • Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e 	<ul style="list-style-type: none"> • Redacción de avantaxes e inconvenientes. • Uso correcto da coma e os dous puntos. • Realización de ditados. • Elaboración dun anuncio. • Realización dun vocabulario de palabras difíciles. • Presentación de traballos con limpeza, claridade e orde. 	<p>B3-1. B3-2. B3-3. B3-4. B3-5. B3-6. B3-7.</p>	<p>LGB3-1.1. LGB3-1.2. LGB3-1.3. LGB3-1.4. LGB3-2.1. LGB3-2.2. LGB3-2.3. LGB3-2.4. LGB3-2.5. LGB3-3.1. LGB3-4.1. LGB3-5.1. LGB3-6.1. LGB3-6.2. LGB3-7.1. LGB3-7.2.</p>	<p>CCL CD CAA CSC CCEC CSIEE</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Redacta avantaxes e inconvenientes de diferentes situacións. • Usa de forma correcta a coma e os dous puntos. • Realiza ditados. • Elabora un anuncio realizando o seu deseño no ordenador. • Realiza un vocabulario de palabras difíciles. • Presenta os seus traballos con limpeza, claridade e orde.

<p>non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos. • Utilización de elementos gráficos e paratextuais sinxelos, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía). • Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. • Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención, de reelaboración da información e dos coñecementos e de expresión creativa. 					
---	--	--	--	--	--

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> • Uso e identificación intuitiva de terminoloxía moi elemental nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes e formas verbais. • Uso das normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos. • Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados. • Uso do dicionario, en papel ou electrónico, de xeito guiado. • Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos de antónimos e palabras polisémicas básicas, en relación coa comprensión e coa produción de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento de palabras compostas. • O verbo. • As formas do verbo. • Recoñecemento das formas verbais que sitúan a acción no tempo. • Definición de conxugación. • Identificación e uso do infinitivo. 	<p>B4-1. B4-2. B4-3. B4-6. B4-5.</p>	<p>LGB4-1.2. LGB4-2.1. LGB4-2.2. LGB4-3.1. LGB4-3.2. LGB4-5.1. LGB4-6.1.</p>	<p>CCL CCE C CAA CD</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e usa palabras compostas. • Identifica os verbos nas oracións e textos. • Sabe que expresa o verbo dentro da oración. • Recoñece as formas verbais que sitúan a acción no tempo. • Comprende que é a conxugación. • Identifica o infinitivo e usa esta forma do verbo para nomear verbos.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> • Valoración e aprecio do texto literario galego como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal • Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses do alumnado. • Lectura guiada e expresiva de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións breves de obras literarias clásicas. • Lectura guiada de poemas, de relatos e de obras, recoñecendo as características dalgúns modelos. • Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura dun texto narrativo. • Recoñecemento das características dos textos teatrais. • Lectura dun conto popular. • Comparación do conto popular co conto de literatura actual. 	<p>B5-1. B5-2. B5-3. B5-6.</p>	<p>LGB5-1.1. LGB5-1.2. LGB5-2.1. LGB5-2.2. LGB5-3.1. LGB5-6.1.</p>	<p>CCL CCEC CD CSC</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Le un texto narrativo. • Recoñece as características dos textos narrativos. • Le un conto popular. • Recoñece as características dos contos populares. • Analiza as similitudes e diferencias entre un conto popular e un conto de literatura actual .

INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN

Rúbrica de avaliación da tarefa: *Elaborar un anuncio*

ALUMNO/A

CATEGORÍA	NIVEIS DE ADQUISICIÓN				CUALIFICACIÓN (MÁXIMO 4)
	EN VÍAS DE ADQUISICIÓN (1)	ADQUIRIDO (2)	AVANZADO (3)	EXCELENTE (4)	
Comprensión do enunciado	Le a información da introdución e o enunciado da tarefa, pero cústalle comprender o que debe facer.	Le a introdución e o enunciado da tarefa e intúe o que debe facer, pero dubida sobre o tipo de texto que debe escribir.	Comprende o enunciado, identifica o tipo de texto que se pide, pero cústalle comezar a planificar a tarefa.	Comprende o enunciado, identifica o tipo de texto que debe escribir e comeza a planificar a tarefa de forma autónoma.	
Planificación da tarefa	Necesita a orientación do docente ou dun adulto para tomar notas e responder as preguntas .	Toma notas e responde de maneira moi básica ás preguntas, sen dar moitas explicacións.	Completa a información con datos inventados, responde as preguntas e elixe un slogan para o seu anuncio.	Completa a información con datos inventados, responde as preguntas e inventa un slogan para o seu anuncio empregando o léxico adecuado.	
Redacción e elaboración	Observa o texto que se ofrece, pero cústalle imitar o modelo e solicita axuda do docente.	Redacta un texto breve pero non consegue que sexa atractivo .	Redacta un texto breve para o seu anuncio e o diseña no ordenador destacando a información máis importante.	Redacta un texto breve para o seu anuncio que cumpre coas características deste tipo de textos e engade imaxes atractivas que buscou en Internet.	
Revisión e corrección do texto	Ten dificultades para revisar os seus traballos unha vez terminados.	Revisa os seus traballos só para comprobar que aplicou correctamente as normas ortográficas e a puntuación.	Comproba que utilizou correctamente as normas ortográficas e a puntuación e que respecta as características deste tipo de textos.	Revisa os seus traballos, corríxeos cando é necesario e inclúe elementos persoais para melloralos. Presenta os seus traballos con claridade, limpeza e orde.	
CUALIFICACIÓN GLOBAL (MÁXIMO 16)					

CLAVE DE INTERPRETACIÓN: **4 a 6 PUNTOS:** En vías de adquisición; **7 a 10 PUNTOS:** Adquirido; **11 a 14 PUNTOS:** Avanzado; **15 a 16 PUNTOS:** Excelente.

Rúbrica de avaliación da actitude no traballo cooperativo

ALUMNO/A

CATEGORÍA	NIVEIS DE ADQUISICIÓN				CUALIFICACIÓN (MÁXIMO 4)
	EN VÍAS DE ADQUISICIÓN (1)	ADQUIRIDO (2)	AVANZADO (3)	EXCELENTE (4)	
Participación	Cústalle participar e demostra falta de interese polas tarefas cooperativas.	Participa nos traballos cooperativos animado polo profesor ou polos seus compañeiros.	Demostra interese por participar e habitualmente involúcrase nas tarefas cooperativas.	Participa nos traballos, realizando propostas, demostrando iniciativa e gozando da tarefa en grupo.	
Relación cos membros do grupo	Non ofrece axuda aos seus compañeiros e compañeiras nin acepta que estes lle axuden.	Axuda aos compañeiros e compañeiras só se llo piden e deixa que estes lle axuden, pero non llo pide directamente.	Axuda aos seus compañeiros e recibe a súa axuda; ademais, non lle importa solicitar axuda cando o necesita.	Demostra unha actitude positiva cara aos seus compañeiros tentando axudarlles antes de que llo pidan, e non ten inconveniente en ser axudado e pedir apoio en calquera momento.	
Responsabilidade e no traballo cos demais	Ten dificultades para cumprir coas súas responsabilidades e non ten en conta as consecuencias da súa actitude no traballo dos demais.	Cumpre coas súas responsabilidades, pero gústalle que os demais se adapten á súa maneira de traballar.	Cumpre coas súas responsabilidades sen impor a súa maneira de traballar e tratando de ceder ante as propostas doutros membros do grupo.	É responsable no traballo; propón e escoita propostas esforzándose por conciliar e acordar as decisións. Valora o traballo e as decisións dos demais como as súas propias.	
Autoavaliación do proceso de traballo	Mostra dificultade para identificar o que debe ter en conta para avaliar o proceso de traballo.	É capaz de autoavaliar o proceso de traballo, sinalando só os logros.	É capaz de autoavaliar o proceso de traballo, sinalando os logros e as dificultades que xurdiron.	Realiza a autoavaliación do proceso de traballo analizando logros e dificultades, e propondo melloras para ter en conta noutros traballos.	
CUALIFICACIÓN GLOBAL (MÁXIMO 16)					

CLAVE DE INTERPRETACIÓN: 4 a 6 PUNTOS: En vías de adquisición; 7 a 10 PUNTOS: Adquirido; 11 a 14 PUNTOS: Avanzado; 15 a 16 PUNTOS: Excelente.

Rúbrica de avaliación da expresión escrita

ALUMNO/A

CATEGORÍA	NIVEIS DE ADQUISICIÓN				CUALIFICACIÓN (MÁXIMO 4)
	EN VÍAS DE ADQUISICIÓN (1)	ADQUIRIDO (2)	AVANZADO (3)	EXCELENTE (4)	
Planificación	Cústalle realizar traballos de redacción e necesita orientación dun adulto para planificar esta tarefa.	Escribe textos sen realizar unha planificación previa.	Planifica a redacción dos textos determinando con antelación como será o texto e valorando a súa extensión.	Planifica a produción de textos escritos determinando con antelación como será o texto, a súa extensión, anotando os aspectos que quere destacar e redactando un borrador.	
Adaptación á intención comunicativa	Presenta dificultades para expresar o asunto do que trata un texto e cal é a súa intención.	Determina o asunto que vai tratar nun texto escrito, pero cústalle aclarar a súa intención.	Determina o asunto que vai tratar nun texto escrito e a intención comunicativa, pero cústalle adaptar a súa forma de expresarse ás características do texto.	Adapta a expresión á intención comunicativa tendo en conta ao interlocutor e o asunto do que se trata.	
Vocabulario	Utiliza un vocabulario pobre e repite moitas palabras.	Utiliza o vocabulario da unidade, pero repite moitas palabras.	Utiliza o vocabulario da unidade e mostra interese por ampliar o seu léxico para evitar repeticións de palabras.	Utiliza un vocabulario amplo, mostra interese por ampliálo e busca o significado das palabras que non coñece.	
Revisión e mellora do texto	Ten dificultades para revisar as súas producións escritas unha vez terminadas.	Revisa os seus textos para comprobar que aplicou correctamente as normas ortográficas e a puntuación, pero non ten en conta outros aspectos.	Revisa os seus textos para comprobar que aplicou as normas ortográficas e a puntuación, e que utilizou a expresión adecuada para o tipo de texto do que se trata.	Revisa os seus textos escritos, corríxeos cando é necesario e inclúe elementos persoais para melloralos. Presenta os seus traballos con claridade, limpeza e orde.	
CUALIFICACIÓN GLOBAL (MÁXIMO 16)					

CLAVE DE INTERPRETACIÓN: 4 a 6 PUNTOS: En vías de adquisición; 7 a 10 PUNTOS: Adquirido; 11 a 14 PUNTOS: Avanzado; 15 a 16 PUNTOS: Excelente.

OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS E DIDÁCTICAS	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
	<p>Modelo discursivo/expositivo.</p> <p>Modelo experiencial.</p> <p>Traballo por tarefas.</p> <p>Traballo individual.</p> <p>Traballo cooperativo.</p>	<p>Actividade e experimentación.</p> <p>Participación.</p> <p>Personalización.</p> <p>Significatividade.</p> <p>Funcionalidade.</p>	<p>Tarefas individuais.</p> <p>Tarefas por parella.</p> <p>Tarefas de equipo.</p> <p>Agrupamento flexible.</p>
RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
	<p>Observación directa do traballo diario.</p> <p>Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.</p> <p>Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).</p> <p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p>	<p>Observación directa.</p> <p>Rúbricas e dianas para a avaliación da unidade.</p> <p>Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade.</p> <p>Avaliación por competencias.</p> <p>Probas de avaliación externa.</p> <p>Outros documentos gráficos ou textuais.</p>	<p>Cualificación cuantitativa: a cualificación máxima da proba de control e das avaliacións será de 10 puntos.</p> <p>Cualificación cualitativa: rúbrica de avaliación da tarefa: <i>Elaborar un anuncio</i>; rúbrica de avaliación da actitude no traballo cooperativo; rúbrica de avaliación da expresión escrita.</p> <p>Dianas: diana de avaliación das habilidades de lectura; diana de avaliación de comprensión e estratexias de pensamento; diana da coavaliación do traballo en grupo.</p> <p>As probas de avaliación por competencias.</p> <p>A observación directa.</p>

	MELLORA	OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA	<ul style="list-style-type: none"> Fichas de mellora do Libro de recursos correspondentes á unidade. Actividades de reforzo propostas no Libro de recursos. 	<ul style="list-style-type: none"> Fichas de ampliación do Libro de recursos correspondentes á unidade. Actividades de ampliación propostas no Libro de recursos. LibroMedia de 3.º curso de Educación Primaria, actividades e recursos.
TRABALLO COOPERATIVO	Cooperamos, 3.º trimestre.	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	Recursos complementarios. Actividades correspondentes á unidade.	
CONTIDOS TRANSVERSAIS	Comprensión lectora. <i>Unha viaxe no tempo</i> (páxinas 196-199). <i>O demo noviño</i> (páxinas 204-206).	
	Expresión oral e escrita. Falamos? (páxina 193). Comentar unha imaxe (páxina 194). Poñerse no lugar das persoas maiores(páxina 197). Escribir vantaxes e inconvenientes (páxina 199). Xogar a adiviñar un verbo oculto(páxina 201). Ditados (páxina 203). Comparar e contrastar dous contos (páxina 206). Elaborar un anuncio (páxina 207).Elaborar un vocabulario de palabras difíciles (páxinas 208 e 209).	
	Comunicación audiovisual. Comentar unha imaxe (páxina 194). Recoñecer accións (páxina 201). Elaborar un anuncio (páxina 207).	
	Emprendemento. Elaborar un anuncio (páxina 207).	
	Educación cívica e constitucional. A importancia dos recordos do pasado.	
PLAN DE FOMENTO DA LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> <i>Lequelé 3.</i> <i>A nave dos libros 3.</i> <i>Lecturas de aquí e acolá 3.</i> 	
EDUCACIÓN EN VALORES	<ul style="list-style-type: none"> O respecto as persoas maiores. 	
UTILIZACIÓN DAS TIC	<ul style="list-style-type: none"> LibroMedia de 3.º curso. Actividades e recursos correspondentes á unidade. 	

Mínimos esixibles

Segue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión.

Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.

Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación.

Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).

Elabora diferentes tipos de textos.

Identifica as formas verbais.

Utiliza as normas ortográficas básicas.

Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación.

Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.

Escoita, memoriza e reproduce textos sinxelos da tradición popular galega.

Le en silencio e en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade.

**Programación Didáctica da Aula de Ciencias
da Natureza. 3.º curso de Educación Primaria
(CURSO 2021-2022)**

Temporalización

Trimestres	Unidades
1º	1, 2 e 3
2º	4, 5 e 6
3º	7, 8 e 9

Unidade 1.A alimentación e a saúde

OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

- **Enfoque da unidade.** Nesta unidade, os alumnos estudarán aspectos relacionados coa alimentación saudable. Identificarán os nutrientes dos alimentos e saberán que alimentos os conteñen. Coñecerán en que consiste unha dieta saudable e equilibrada. Aprenderán a interpretar a roda dos alimentos para ter unha dieta equilibrada e a pirámide de alimentación para elixir unha dieta saudable. Recoñecerán os hábitos saudables de alimentación. Recoñecerán a importancia da hixiene e conservación dos alimentos. Coñecerán tamén algúns trastornos alimentarios relacionados coas alerxias e intolerancias e coa mala alimentación. Lembrarán os hábitos saudables que deben adoptar para gozar de boa saúde: exercicio físico, postura corporal, hábitos de hixiene e de descanso e lecer, e valorarán a importancia de diversificar as actividades de lecer. A aprendizaxe contextualizarase no traballo final: *Elaboro unha dieta saudable*. Os alumnos poderán realizar unha valoración do seu traballo.
- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos saben en que consiste unha alimentación saudable e recoñecen alimentos e hábitos saudables. Elaboraron menús e coñecen algúns trastornos alimentarios.
- **Previsión de dificultades.** É posible que lles resulte difícil interpretar a roda e a pirámide da alimentación.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA AULA

SECUENCIA E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL: dúas últimas semanas de setembro e outubro

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> Realización de proxectos e presentación de resultados. Iniciación á actividade científica. Técnicas de estudo e traballo. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Procura, selección e organización de información a partir de textos e imaxes sinxelas para completar as súas actividades e responder preguntas. Comunicación oral e escrita de información solicitada dos textos e das imaxes simples para demostrar a súa comprensión. Lectura de textos sobre os contidos da unidade. Manifestación de certa autonomía na execución de accións e tarefas sinxelas. Utilización do vocabulario adquirido nas súas exposicións. e traballos da clase. Realización das tarefas seguindo as fases de identificación do obxectivo, planificación e elaboración. Realización de traballos individuais e cooperativos. 	<p>B1-1. B1-2. B1-3.</p>	<p>CNB1-1.1. CNB1-1.2. CNB1-2.1. CNB1-3.1.</p>	<p>CAA CCL CMCCT CSC CSIEE CD</p>	<ul style="list-style-type: none"> Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> • Saúde e enfermidade. • Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso. • Factores que producen as enfermidades máis habituais: carie, obesidade, gripe, catarros... • Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais. • Pirámide da alimentación. • Análise de dietas equilibradas. 	<ul style="list-style-type: none"> • A alimentación saudable. • Os nutrientes dos alimentos e identificación de alimentos que os conteñen. • A dieta equilibrada. Interpretación da roda dos alimentos. • A alimentación saudable. Interpretación da pirámide da alimentación. • Os hábitos de alimentación saudable: as comidas diarias e os alimentos que se deben incluír en cada unha. • Identificación de alimentos saudables. • Avances da ciencia que melloran a vida: hixiene e conservación de alimentos. • Enfermidades relacionadas coas alerxias e a intolerancia aos alimentos e coa mala alimentación. • Valoración do coidado da saúde adoptando hábitos saudables: exercicio físico, postura corporal, hixiene, lecer e descanso, coñecendo os beneficios de adoptar estes hábitos e as consecuencias de non facelo. • Lectura comprensiva do texto <i>O xeito das froitas</i>. • Elaboración dunha dieta saudable. 	<p>B2-2.</p> <p>B2-3</p>	<p>CNB2-2.1.</p> <p>CNB2-2.2.</p> <p>CNB2-3.1.</p> <p>CNB2-3.2.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e diferencia os nutrientes dos alimentos: graxas, hidratos de carbono, proteínas, vitaminas e sales minerais, e identifica alimentos que os conteñen. • Sabe que a roda dos alimentos axuda a valorar se unha dieta é equilibrada. • Sabe que a pirámide da alimentación axuda a valorar se unha dieta é saudable. • Recoñece a importancia de facer cinco comidas diarias e os alimentos que se deben incluír en cada unha. Identifica e elixe alimentos saudables. • Coñece enfermidades relacionadas coas alerxias e a intolerancia aos alimentos, como a enfermidade celíaca, e as que teñen que ver cunha mala alimentación, como a obesidade e a desnutrición. • Valora a importancia do coidado da saúde e coñece e adopta hábitos saudables de exercicio físico, postura corporal, hixiene, lecer e descanso. • Coñece e explica os beneficios de adquirir hábitos saudables e as consecuencias de non facelo. • Le e comprende o texto <i>O xeito das froitas</i>. • Elabora unha dieta saudable.

INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN

ALUMNO/A

Rúbrica de avaliación da tarefa: *Elaboro unha dieta saudable*

CATEGORÍA	NIVEIS DE ADQUISICIÓN				CUALIFICACIÓN (MÁXIMO 4)
	EN VÍAS DE ADQUISICIÓN (1)	ADQUIRIDO (2)	AVANZADO (3)	EXCELENTE (4)	
Planificación da tarefa	Busca o apoio dos seus compañeiros e compañeiras ou do profesor para levar a cabo as súas tarefas.	Mostra interese por realizar os seus traballos de forma autónoma e por tomar decisións.	Realiza as súas tarefas de forma autónoma; planifica os procesos de traballo e toma decisións para mellorar os seus resultados.	Planifica as súas tarefas de forma autónoma; toma decisións para mellorar os seus resultados e aplícaas a outros ámbitos.	
Recollida de información	Cústalle repasar a unidade e sinalar as recomendacións para lograr unha dieta saudable.	Repasa a unidade e anota o que ten relación coas dietas saudables, pero cústalle organizar a información.	Repasa a unidade, anota o que ten relación coas dietas saudables e organiza a información.	Anota o que estudou sobre dietas saudables, organiza a información e escribe as recomendacións de forma ordenada e clara.	
Elaboración dunha dieta saudable	Presenta dificultades para seguir o exemplo para elaborar unha dieta saudable.	Elabora os menús dun día sen seguir o exemplo proposto; esquece comidas e non resulta unha dieta equilibrada.	Elabora os menús dun día seguindo o exemplo proposto e respectando todas as comidas do día.	Elabora unha dieta para a fin de semana seguindo o exemplo proposto e respectando as indicacións das dietas equilibradas e saudables.	
Autonomía na realización da tarefa	Mostra certa inseguridade por realizar o traballo de forma autónoma.	Interésase por traballar de forma autónoma, pero en ocasións solicita axuda.	Demostra autonomía na súa forma de traballar e gústalle reflexionar sobre esta práctica.	Valora a importancia de traballar de forma autónoma asumindo as consecuencias das súas decisións.	
CUALIFICACIÓN GLOBAL (MÁXIMO 16)					

CLAVE DE INTERPRETACIÓN: **4 a 6 PUNTOS:** En vías de adquisición; **7 a 10 PUNTOS:** Adquirido; **11 a 14 PUNTOS:** Avanzado; **15 a 16 PUNTOS:** Excelente.

Rúbrica de avaliación da expresión escrita
(Tempo para escribir)

ALUMNO/A

CATEGORÍA	NIVEIS DE ADQUISICIÓN				CUALIFICACIÓN N (MÁXIMO 4)
	EN VÍAS DE ADQUISICIÓN (1)	ADQUIRIDO (2)	AVANZADO (3)	EXCELENTE (4)	
Planificación	Cústalle realizar traballos de redacción e necesita orientación dun adulto para planificar esta tarefa.	Escribe textos sen realizar unha planificación previa.	Planifica a redacción dos textos determinando con antelación como será o texto e valorando asúa extensión.	Planifica a produción de textos escritos determinando con antelación como será o texto, a súa extensión, anotando os aspectos que quere destacar e redactando un borrador.	
Adaptación á intención comunicativa	Presenta dificultades para expresar o asunto do texto e cal é a súa intención.	Determina o asunto que vai tratar nun texto escrito, pero cústalle aclarar a súa intención.	Determina o asunto que vai tratar nun texto escrito e a intención comunicativa, pero cústalle adaptar a súa forma de expresarse ás características do texto.	Adapta a expresión á intención comunicativa tendo en conta o interlocutor e o asunto que se trata.	
Vocabulario	Utiliza un vocabulario pobre e repite moitas palabras.	Utiliza o vocabulario da unidade, pero repite moitas palabras.	Utiliza o vocabulario da unidade e mostra interese por ampliar o seu léxico para evitar repeticións de palabras.	Utiliza un vocabulario amplo, mostra interese por ampliálo e busca o significado das palabras que non coñece.	
Revisión e mellora do texto	Ten dificultades para revisar as súas producións escritas unha vez terminadas.	Revisa os seus textos para comprobar que aplicou correctamente as normas ortográficas e a puntuación, pero non ten en conta outros aspectos.	Revisa os seus textos para comprobar que aplicou as normas ortográficas e a puntuación, e que utilizou a expresión adecuada para o tipo de texto que é.	Revisa os seus textos escritos, corríxeos cando é necesario e inclúe elementos persoais para melloralos. Presenta os seus traballos con claridade, limpeza e orde.	
CUALIFICACIÓN GLOBAL (MÁXIMO 16)					

CLAVE DE INTERPRETACIÓN: **4 a 6 PUNTOS:** En vías de adquisición; **7 a 10 PUNTOS:** Adquirido; **11 a 14 PUNTOS:** Avanzado; **15 a 16 PUNTOS:** Excelente.

Rúbrica de avaliación da comunicación oral (*Tempo para falar*)

ALUMNO/A

CATEGORÍA	NIVEIS DE ADQUISICIÓN				CUALIFICACIÓN (MÁXIMO 4)
	EN VÍAS DE ADQUISICIÓN (1)	ADQUIRIDO (2)	AVANZADO (3)	EXCELENTE (4)	
Intervención	Cústalle participar nas actividades de expresión oral.	Intervén cando se lle pregunta, pero baixa a cabeza para que non lle pregunten.	Intervén en ocasións, pero prefere que interveñan outros antes.	Intervén de forma autónoma nas conversas e demostra interese por participar.	
Contextualización	Fala sobre cousas distintas ao preguntado.	Dá moitas voltas antes de falar sobre o que lle preguntan.	Fala sobre o que lle preguntan, pero de forma moi concisa.	Fala sobre o que lle preguntan proporcionando detalles, exemplos...	
Fluidez	Trábase constantemente cando fala con outros compañeiros e compañeiras ou adultos.	Consegue falar con fluidez, pero trábase ao iniciar cada frase.	Fala ben, pero atopa dificultade nas palabras novas e nalgúns ocasións pode chegar a trabarse.	Fala con fluidez nas súas intervencións, vocaliza correctamente e pronuncia todas as palabras sen problemas.	
Vocabulario	Utiliza un vocabulario pobre e repite moitas palabras.	Utiliza o vocabulario da unidade, pero repite moitas palabras.	Utiliza o vocabulario da unidade e tamén mostra interese por ampliar o seu léxico.	Utiliza un vocabulario amplo, mostra interese por ampliálo e pregunta o significado das palabras que non coñece.	
Linguaxe non verbal	Nunca utiliza a linguaxe xestual nas súas intervencións orais.	Utiliza a linguaxe xestual, pero ás veces non se acomoda ao contido do que expresa.	Utiliza correctamente a linguaxe xestual.	Utiliza de forma natural e correcta a linguaxe xestual e consegue reforzar así a súa expresión oral.	
CUALIFICACIÓN GLOBAL (MÁXIMO 20)					

CLAVE DE INTERPRETACIÓN: **5 a 8 PUNTOS:** En vías de adquisición; **9 a 13 PUNTOS:** Adquirido; **14 a 18 PUNTOS:** Avanzado; **19 a 20 PUNTOS:** Excelente.

OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
	<p>Modelo discursivo/expositivo.</p> <p>Modelo experiencial.</p> <p>Traballo por tarefas.</p> <p>Traballo individual.</p> <p>Traballo cooperativo.</p>	<p>Actividade e experimentación.</p> <p>Participación.</p> <p>Personalización.</p> <p>Significatividade.</p> <p>Funcionalidade.</p>	<p>Tarefas individuais.</p> <p>Tarefas por parella.</p> <p>Tarefas de equipo.</p> <p>Agrupamento flexible.</p>
RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
	<p>Observación directa do traballo diario.</p> <p>Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.</p> <p>Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).</p> <p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p>	<p>Observación directa.</p> <p>Rúbricas e dianas para a avaliación da unidade.</p> <p>Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade.</p> <p>Avaliación por competencias.</p>	<p>Cualificación cuantitativa: a cualificación máxima da proba de control e das avaliacións será de 10 puntos.</p> <p>Cualificación cualitativa: rúbrica de avaliación da tarefa: <i>Elaboro unha dieta saudable</i>; rúbrica de avaliación da expresión escrita (<i>Tempo para escribir</i>); rúbrica de avaliación da comunicación oral (<i>Tempo para falar</i>).</p> <p>Dianas: diana de avaliación do traballo individual; diana de avaliación de interpretación da roda dos alimentos e da pirámide da alimentación; diana de avaliación da práctica de hábitos saudables.</p> <p>As probas de avaliación por competencias.</p> <p>A observación directa.</p>

	MELLORA	OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
ENSINO INDIVIDUALIZADO	<ul style="list-style-type: none"> Ficha do Plan de mellora do Libro de recursos correspondentes á unidade. Actividades de reforzo propostas no Libro anotado. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha do programa de ampliación do Libro de recursos correspondentes á unidade. Actividades de ampliación propostas no Libro de recursos. LibroMedia de Ciencias da Natureza de 3.º curso de Educación Primaria, actividades e recursos.
TRABALLO COOPERATIVO	Cooperamos, 1.º trimestre.	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	Recursos complementarios. Actividades correspondentes á unidade.	
CONTIDOS TRANSVERSAIS	Comprensión lectora. Tempo para ler: <i>O xeito das froitas</i> (páxina 24).	
	Expresión oral e escrita. Tempo para falar (páxina 13 e 23). Opinar sobre o feito de que algúns nenos non poden comer o necesario (páxina 15). Interpretar a roda da alimentación (páxina 16). Interpretar a pirámide da alimentación (páxina 17). Describir alimentos que aparecen nas imaxes (páxina 18). Explicar posturas correctas e incorrectas (páxina 20). Recomendar unha medida de hixiene e explicar beneficios de hábitos saudables (páxina 21). Explicar o que ocorre cando se dorme menos das horas necesarias (páxina 23). Tempo para escribir (páxina 24). Elaborar unha dieta saudable (páxina 25). Escribir comportamentos saudables. Valorar o lecer electrónico (páxina 28).	
	Comunicación audiovisual. Tempo para falar (páxina 13). Observa e descubre (páxinas 16, 18, 20, 21 e 22).A roda dos alimentos (páxina 16). A pirámide dos alimentos (páxina 17). Traballo co esquema da unidade e táboas (páxinas 26 e 27).	
	Emprendemento. Elaborar unha dieta saudable (páxina 25). Valorar o lecer electrónico (páxina 28).	
	Educación cívica e constitucional. Combater a fame infantil.	
PLAN DE FOMENTO DA LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> <i>Lequelé 3.</i> <i>A nave dos libros 3.</i> <i>Lecturas de aquí e de acolá.</i> 	
EDUCACIÓN EN VALORES	<ul style="list-style-type: none"> A importancia da alimentación saudable e equilibrada. 	
UTILIZACIÓN DAS TIC	<ul style="list-style-type: none"> LibroMedia de Ciencias da Natureza de 3.º. Actividades e recursos correspondentes á unidade. 	

Unidade 2.O funcionamento do noso corpo

OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

- **Enfoque da unidade.** Nesta unidade, os alumnos recoñecerán e localizarán as partes do corpo que se atopan na cabeza, o tronco e as extremidades. Recoñecerán e explicarán os trazos que diferencian a unhas persoas doutras. Aprenderán as características das distintas etapas da vida: infancia, adolescencia, idade adulta e ancianidade. Lembrarán os hábitos saudables que deben adoptar para gozar de boa saúde: exercicio físico, postura corporal, hábitos de hixiene e de descanso e lecer, e valorarán a importancia de diversificar as actividades de lecer. A aprendizaxe contextualizarase no traballo final: *Interpreto e realizo unha gráfica de crecemento*, tarefa coa que os alumnos desenvolverán o seu sentido da iniciativa. A unidade complétase cun traballo cooperativo, no que identificarán as técnicas de primeiros auxilios, e co apartado MiniLab, onde realizarán un experimento para descubrir a graxa dos alimentos. Os alumnos poderán realizar unha valoración do seu traballo.
- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos coñecen as partes do corpo. Tamén estudaron as etapas da vida e coñecen as súas características.
- **Previsión de dificultades.** É posible que existan algunhas dificultades para diferenciar a idade adulta e a ancianidade; tamén é posible que existan algunhas dificultades para realizar o experimento para descubrir a graxa dos alimentos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA AULA

SECUENCIA E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL: novembro e decembro

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

- **Enfoque da unidade.** Nesta unidade, os alumnos aprenderán en que consiste o estudo da historia. Saberán quen investiga o pasado e coñecerán as fontes históricas diferenciando fontes escritas e non escritas. Estudarán o paso do tempo; lembrarán nocións sobre o paso do tempo e saberán que é a historia persoal. Coñecerán os instrumentos que utilizamos para medir o tempo e diferenciarán períodos da historia curtos e longos. Explicarán por que se mide o tempo antes e despois de Cristo. Traballarán unha liña do tempo, interpretándoa e completándoa. Coñecerán os períodos do pasado, saberán como se organiza a historia e identificarán as idades da historia. Recoñecerán as tradicións, os personaxes importantes e os monumentos como recordos que conservamos do pasado; valorarán a importancia dos museos. Estudarán os trazos principais da vida na Prehistoria, a época romana, a época dos castelos, a Idade Moderna, a época das primeiras fábricas e a actualidade. A aprendizaxe contextualizarase no traballo final: *Obteño información de fotografías*. Ao finalizar a unidade participarán nun traballo cooperativo para comentar un descubrimento histórico e na sección MiniLab construírán un telescopio. Os alumnos poderán realizar unha valoración do seu traballo.
- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos recoñecen os cambios que se producen nas persoas, os costumes e os obxectos co paso do tempo. Traballaron tamén as nocións de pasado, presente e futuro. Coñecen os instrumentos para medir o tempo e identifican períodos curtos e longos.
- **Previsión de dificultades.** É posible que algúns alumnos non identifiquen os períodos do pasado e confundan as idades da historia. Tamén poden atopar algunha dificultade á hora de interpretar unha liña do tempo.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA AULA

SECUENCIA E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL: dúas últimas semanas de maio e dúas primeiras de xuño

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> • Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación nas Ciencias Sociais. • Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inquietude e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes. • Busca e selección de información utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso mediante o uso do cartafol e comunicación das conclusións. • Iniciativa emprendedora. Planificación, xestión e presentación dos proxectos 	<ul style="list-style-type: none"> • Procura, selección e organización da información, a partir de textos e imaxes sinxelos, para completar as súas actividades e responder preguntas. • Comunicación oral e escrita utilizando o vocabulario adecuado e demostrando comprensión. • Uso de estratexias para organizar e memorizar a información. • Manifestación de certa autonomía na execución de accións e tarefas sinxelas e desenvolvemento da creatividade e a iniciativa. • Realización das tarefas seguindo as fases de identificación do obxectivo, planificación e elaboración. • Lectura comprensiva de textos relacionados coas 	<p>B1-1. B1-2. B1-3.</p>	<p>CSB1-1.1. CSB1-1.2. CSB1-2.1. CSB1-3.1.</p>	<p>CAA CCL CD CMCCT CSC</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícaa oralmente e/ou por escrito. • Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. • Desenvolve estratexias para organizar e memorizar a información obtida. • Realiza traballos e presentacións que supoñen a procura, selección e organización de textos. • Manifesta certa autonomía na execución de accións e tarefas. • Desenvolve a súa creatividade e a súa iniciativa na planificación e execución das tarefas. • Interésase por realizar os seus traballos de forma ordenada e limpa. • Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo. • Realiza tarefas seguindo as fases de identificación do obxectivo, planificación e elaboración. • Le textos relacionados coas Ciencias Sociais.

<p>co fin de acadar obxectivos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material. • Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia. A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. • Utilización da terminoloxía propia da área e do uso de textos de carácter social, xeográfico e histórico. 	<p>Ciencias Sociais.</p>				
---	--------------------------	--	--	--	--

BLOQUE 4.AS PEGADAS DO TEMPO

CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAX E AVALIABLES	CC	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> As pegadas da nosa historia: duración e datación dos feitos históricos máis significativos da contorna e de Galicia. Representación do tempo histórico a través de liñas do tempo. A Prehistoria. A cultura castrexa en Galicia. A escritura como fonte histórica. A Idade Antiga en Galicia. A romanización. Vestixios do pasado localizados na contorna próxima como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da contorna actual. Os petróglifos e a 	<ul style="list-style-type: none"> O estudo do pasado: o traballo de historiadores. Clasificación das fontes históricas en escritas e non escritas. Clasificación das fontes non escritas en orais, gráficas e materiais. O paso do tempo e a historia persoal. Os instrumentos de medida do tempo: o reloxo e o calendario. As unidades de medida do tempo: períodos curtos e períodos longos. O século como unidade de medida do tempo histórico. Os números romanos para escribir os séculos. A numeración dos anos: antes e despois de Cristo. Os períodos do pasado e as idades da historia (Prehistoria, Idade Antiga, Idade Media, Idade Moderna e Idade Contemporánea). Os recordos que conservamos do pasado: personaxes, tradicións e monumentos. A importancia dos museos. A vida na Prehistoria. Os primeiros 	<p>B4-1. B4-2. B4-3. B4-4.</p>	<p>CSB4-1.1. CSB4-1.2. CSB4-2.1. CSB4-2.2. CSB4-2.3. CSB4-3.1. CSB4-4.1.</p>	<p>CMCCT CAA CSC CCEC CCL</p>	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece o traballo dos estudosos da historia: os historiadores e as historiadoras. Clasifica as fontes históricas en escritas e non escritas. Clasifica as fontes non escritas en orais, gráficas e materiais. Coñece técnicas para localizar, no tempo e no espazo, feitos do pasado. Utiliza as nocións de presente, pasado e futuro, e valora a importancia da súa historia persoal. Recoñece os instrumentos de medida do tempo: o reloxo e o calendario. Recoñece as unidades de medida do tempo e diferencia períodos curtos: horas, minutos, segundos; e períodos longos: días, semanas, anos, lustros, décadas, séculos e milenios. Coñece o século como unidade de medida do tempo histórico e establece a relación entre anos e séculos. Escribe os séculos con números romanos. Coñece as convencións de datación do tempo histórico (a. C., d. C., período e idade). Coñece o nome dos períodos históricos: Prehistoria, Idade Antiga, Idade Media, Idade Moderna e Idade Contemporánea. Interpreta as liñas do tempo e sitúa as etapas

<p>arquitectura megalítica, castrexa e medieval.</p> <ul style="list-style-type: none"> • O noso patrimonio natural, histórico e cultural. Os espazos protexidos. 	<p>seres humanos, os agricultores e gandeiros da Prehistoria. Os inventos deste período.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A vida na época romana. • A vida na época dos castelos. • A vida na Idade Moderna, a época dos descubrimentos, o crecemento das cidades e os inventos. • A vida na época das primeiras fábricas: a transformación das cidades. • Forma de vida na actualidade: transporte e comunicacións. • Lectura e comprensión do texto <i>Altamira, Patrimonio da Humanidade</i>. • Comentario dun descubrimento histórico. • Construción dun telescopio. 			<p>históricas máis importantes.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aprecia a herdanza cultural e adopta o comportamento adecuado nas visitas a museos ou edificios antigos. • Describe aspectos da vida, a sociedade, os inventos e as formas de desprazamento da Prehistoria, a Antigüidade, a Idade Media, a Idade Moderna, a Idade Contemporánea e a época actual. • Explica e valora a importancia do descubrimento da agricultura e a gandaría. • Describe os cambios máis importantes da Idade Moderna: o descubrimento de América, a forma da Terra, a imprenta, o piano, o telescopio, o comercio e as comunicacións. • Identifica e explica os principais cambios producidos na Idade Contemporánea: aparición das fábricas, a transformación das cidades, os avances na medicina, na construción, no transporte e na comunicación. • Le e comprende o texto <i>Altamira, Patrimonio da Humanidade</i>. • Comenta un descubrimento histórico. • Constrúe un telescopio.
--	--	--	--	--

INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN

ALUMNO/A

Rúbrica de avaliación da tarefa: *Obteño información de fotografías*

CATEGORÍA	NIVEIS DE ADQUISICIÓN				CUALIFICACIÓN N (MÁXIMO 4)
	EN VÍAS DE ADQUISICIÓN (1)	ADQUIRIDO (2)	AVANZADO (3)	EXCELENTE (4)	
Planificación da tarefa	Cústalle traballar de forma autónoma e precisa da axuda e orientación dun adulto para realizar a tarefa.	Realiza a tarefa de forma mecánica sen comprender a finalidade e sen realizar unha planificación previa.	Recoñece o obxectivo da tarefa e ten en conta algúns aspectos importantes na súa realización.	Realiza a tarefa seguindo as fases de realización de tarefas: identificación do obxectivo, planificación completa e elaboración.	
Elaboración das táboas con datos extraídos dunha fotografía	Necesita axuda para identificar os elementos nas dúas fotografías.	Identifica algúns elementos nas dúas fotografías (edificios e transportes), pero non localiza os outros e non completa a táboa.	Identifica todos os elementos en ambas as fotografías e os rexistra correctamente na táboa.	Identifica todos os elementos en ambas as fotografías e os rexistra correctamente na táboa. Revisa os datos da táboa para corrixilos se é necesario.	
Recoñecemento do paso do tempo	Observa diferenzas entre as fotografías, pero cústalle explicar os cambios producidos polo paso do tempo.	Observa diferenzas entre as fotografías e só localiza e recoñece o que permanece igual.	Observa as diferenzas entre as fotografías e recoñece os cambios producidos polo paso do tempo e o que permanece igual.	Compara as dúas fotografías e explica os cambios producidos polo paso do tempo e o que permanece igual. Sitúa na súa época cada fotografía e valora a información que lle proporcionan.	
Expresión oral	Cústalle expresarse de forma oral.	Esfórzase por expresarse de forma oral, pero utiliza un vocabulario pobre e pouco preciso.	Exprésase de forma oral cun vocabulario sinxelo pero adecuado e facendo un uso correcto da linguaxe.	Exprésase de forma oral con claridade; emprega un vocabulario adecuado e utiliza unha linguaxe elaborada e comprensible.	
CUALIFICACIÓN GLOBAL (MÁXIMO 16)					

CLAVE DE INTERPRETACIÓN: **4 a 6 PUNTOS:** En vías de adquisición; **7 a 10 PUNTOS:** Adquirido; **11 a 14 PUNTOS:** Avanzado; **15 a 16 PUNTOS:** Excelente.

CATEGORÍA	NIVEIS DE ADQUISICIÓN				CUALIFICACIÓN (MÁXIMO 4)
	EN VÍAS DE ADQUISICIÓN (1)	ADQUIRIDO (2)	AVANZADO (3)	EXCELENTE (4)	
Participación	Cústalle participar e demostra falta de interese polas tarefas cooperativas.	Participa nos traballos cooperativos animado polo profesor ou polos seus compañeiros e compañeiras.	Demostra interese por participar e habitualmente involúcrase nas tarefas cooperativas.	Participa nos traballos, realizando propostas, demostrando iniciativa e gozando da tarefa no grupo.	
Relación cos membros do grupo	Non ofrece axuda aos seus compañeiros e compañeiras nin acepta que estes lle axuden.	Axuda aos compañeiros e compañeiras só se llo piden e deixa que estes lle axuden, pero non llo pide directamente.	Axuda aos seus compañeiros e compañeiras e recibe a súa axuda; ademais, non lle importa solicitar axuda cando o necesita.	Demostra unha actitude positiva cara aos seus compañeiros e compañeiras tentando axudarlles antes de que llo pidan, e non ten inconveniente en ser axudado e pedir apoio en calquera momento.	
Responsabilidade e no traballo cos demais	Ten dificultades para cumprir coas súas responsabilidades e non ten en conta as consecuencias da súa actitude no traballo dos demais.	Cumpre coas súas responsabilidades, pero gústalle que os demais se adapten á súa maneira de traballar.	Cumpre coas súas responsabilidades sen impor a súa maneira de traballar e tratando de ceder ante as propostas doutros membros do grupo.	É responsable no traballo; propón e escoita propostas esforzándose por conciliar e acordar as decisións. Valora o traballo e as decisións dos demais como as súas propias.	
Autoavaliación do proceso de traballo	Mostra dificultade para identificar o que debe ter en conta para avaliar o proceso de traballo.	É capaz de autoavaliar o proceso de traballo, sinalando só os logros.	É capaz de autoavaliar o proceso de traballo, sinalando os logros e as dificultades que xurdiron.	Realiza a autoavaliación do proceso de traballo analizando logros e dificultades, e propón melloras para ter en conta noutros traballos.	
CUALIFICACIÓN GLOBAL (MÁXIMO 16)					

CLAVE DE INTERPRETACIÓN: 4 a 6 PUNTOS: En vías de adquisición; 7 a 10 PUNTOS: Adquirido; 11 a 14 PUNTOS: Avanzado; 15 a 16 PUNTOS: Excelente.

CATEGORÍA	NIVEIS DE ADQUISICIÓN				CUALIFICACIÓN (MÁXIMO 4)
	EN VÍAS DE ADQUISICIÓN (1)	ADQUIRIDO (2)	AVANZADO (3)	EXCELENTE (4)	
Lectura e comprensión global do texto	Cústalle manter a atención durante a lectura do texto.	Mantén a atención durante a lectura do texto, pero necesita relelo e apoiarse nas imaxes para comprendelo.	Mantén a atención durante a lectura do texto e comprende o contido sen necesidade de volver lelo.	Comprende o contido do texto cando o le por primeira vez e non necesita volver lelo. Analiza o contido e explícao sen dificultade.	
Recoñecemento dos detalles	Presenta dificultades para lembrar os detalles do texto.	Lembra algúns detalles do texto e cústalle explicalos.	Lembra os detalles do texto cando se lle presentan opcións de resposta.	Lembra todos os detalles do texto e pode explicalos sen dificultade.	
Expresión oral	Cústalle expresarse de forma oral.	Esfórzase por expresarse de forma oral, pero utiliza un vocabulario pobre e pouco preciso.	Exprésase de forma oral cun vocabulario sinxelo, pero adecuado e facendo un uso correcto da linguaxe.	Exprésase de forma oral con claridade empregando un vocabulario adecuado e utilizando unha linguaxe elaborada e comprensible.	
Análise e valoración do contido	Necesita apoio e orientación para analizar o contido do texto.	Lembra e explica o contido do texto sen facer valoracións.	Explica o contido do texto e relaciónao cos seus coñecementos previos sobre o tema.	Comprende e reflexiona sobre o contido do texto, relacionándoo cos seus coñecementos previos sobre o tema e respondendo preguntas nas que inclúe as súas opinións e razóns.	
CUALIFICACIÓN GLOBAL (MÁXIMO 16)					

CLAVE DE INTERPRETACIÓN: **4 a 6 PUNTOS:** En vías de adquisición; **7 a 10 PUNTOS:** Adquirido; **11 a 14 PUNTOS:** Avanzado; **15 a 16 PUNTOS:** Excelente.

OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
	Modelo discursivo/expositivo.	Actividade e experimentación.	Tarefas individuais.
	Modelo experiencial.	Participación.	Tarefas por parella.
	Traballo por tarefas.	Personalización.	Tarefas de equipo.
	Traballo individual.	Significatividade.	Agrupamento flexible.
Traballo cooperativo.	Funcionalidade.		
RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
	Observación directa do traballo diario.	Observación directa.	Cualificación cuantitativa: a cualificación máxima da proba de control e das avaliacións será de 10 puntos.
	Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.	Rúbricas e dianas para a avaliación da unidade.	Cualificación cualitativa: rúbrica de avaliación da tarefa: <i>Obteño información de fotografías</i> ; rúbrica de avaliación da actitude no traballo cooperativo; rúbrica de avaliación da comprensión do texto (<i>Tempo para ler</i>).
	Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).	Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade.	Dianas: diana de avaliación da creatividade nos seus traballos (MiniLab); diana de avaliación do coñecemento dos períodos históricos; diana da coavaliación do traballo no grupo.
	Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).	Avaliación por competencias.	As probas de avaliación por competencias. A observación directa.

ENSINO INDIVIDUALIZADO	MELLORA	OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
TRABALLO COOPERATIVO	Cooperamos, 3.º trimestre.	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	Recursos complementarios. Actividades correspondentes á unidade.	
CONTIDOS TRANSVERSAIS	Comprensión lectora. Saber máis: <i>Os números romanos</i> (páxina 112). Tempo para ler: <i>Altamira, Patrimonio da Humanidade</i> (páxina 122).Traballo cooperativo: <i>Champollion e a pedra de Rosetta</i> (páxina 127).	
	Expresión oral e escrita. Tempo para falar (páxinas 109, 111, 121 e 122). Comparar e contrastar a Prehistoria e a Historia. Explicar como se debe comportar nun museo (páxina 115). Poñerse no lugar dun escravo e expresar emocións(páxinas 116).Comentar unha imaxe (páxina 120 e 121). Tempo para escribir (páxina 119). Valorar a importancia de atraer visitantes (páxina 122). Comentar un texto (páxinas 126 e 127).	
	Comunicación audiovisual. Observa e descubre (páxinas111, 113, 114, 117 e 118). Usar esquemas e táboas (páxinas117, 119, 120, 123, 124 e 125). Comentar unha imaxe (páxina 120 e 121). Obter información de fotografías (páxina 120). Interpretar e completar liñas do tempo (páxinas114, 121 e 123). Identificar idades da historia (páxina 123). Identificar obxectos (páxina 125). Pasos para construír un telescopio (páxinas 128 e 129).	
	Emprendemento. Obter información das fotografías (páxina 120 e 121). MiniLab:construír un telescopio (páxinas 128 e 129).	
Educación cívica e constitucional. A historia.O patrimonio histórico e cultural.		
PLAN DE FOMENTO DA LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Lequelé 3.</i> • <i>A nave dos libros 3.</i> • <i>Lecturas de aquí e de acolá.</i> 	
EDUCACIÓN EN VALORES	<ul style="list-style-type: none"> • O dereito á liberdade de todas as persoas. O coidado do patrimonio histórico e cultural. 	
UTILIZACIÓN DAS TIC	<ul style="list-style-type: none"> • LibroMedia de Ciencias Sociais de 3.º. Actividades e recursos correspondentes á unidade. 	

Mínimos esixibles

Os alumnos serán capaces ao rematar cuarto de:

- B1.2. Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.
- B2.6. Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes as partes dun río do medio próximo.
- B3.1. Analizar a importancia que teñen os dereitos, deberes e liberdades recollidos na Constitución para o exercicio dunha cidadanía activa e unha convivencia pacífica.
- B3.3. Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos.
- B3.5. Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partires dos datos de poboación.
- B4.1. Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.
- B4.3. Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.

Partindo da metodoloxía como un conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados, as bases metodolóxicas son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos no que lle resulta familiar e cercano ao alumnado pero cunha vertente de imaxinación. Desta forma, foméntase un uso contextualizado da lingua, traballando situacións comunicativas que permitan empregar dunha maneira real e motivadora. Os alumnos/as poden transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende. Así favorécese o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe competencial pretende que cada alumno, está preparado para poder afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito, é dicir, non só adquirir uns coñecementos, tamén ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos.

As situacións comunicativas que inclúen o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe, sobre todo nos primeiros anos. A realización de tarefas conxuntas, axudan, por unha parte, a asentir as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, e tamén á súa socialización.

As distintas formas e ritmos de aprendizaxe do alumnado. Ter sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos programados, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos. Traballar actividades de ampliación, para os máis avanzados, e de reforzo, para os que podan precisalas.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basa na actividade.

O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa o alumno/a debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os neños/as, proporcionar *feedback*, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe para asegurar a calidade do mesmo.

A aprendizaxe globalizada xenera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. É importante que as actividades que leven a cabo na área de lingua estranxeira estén interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento de si mesmo e cunha exploración do mundo que lles rodea. Desta forma, farase fincapé na comunicación oral e a consciencia intercultural.

Un aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia. Todo o que o alumno aprende nas diferentes materias constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas.

Por iso, as competencias básicas poden alcanzarse se non en todas, sí na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar dichas competencias, independentemente de en cales as puido adquirir (transversalidade). Ser

competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outros, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente.

Coordinación entre o profesorado das linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais. Desta forma, evítase a repetición de contidos propios de aprendizaxes de calquera lingua, tales como as estratexias de lectura, o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, e para unificar a terminoloxía.

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN

1. As competencias

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, descompostos en descritores.

Os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

O desenvolvemento de **valores** axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse para que sexan capaces de construír unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar elementos e razoamentos matemáticos para resolver problemas provenientes de situacións cotiás partindo do coñecemento dun mesmo, da natureza e da interacción cos outros. Así mesmo, incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos coa posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados aos que se ten que enfrontar o propio alumno.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.

Comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, coa importancia de iniciar os alumnos nesa busca de información e presentarlle ao resto, de realizar simulacións, de iniciarse na actividade científica..., é unha prioridade traballar co alumnado a comprensión ao longo destas unidades que se desenvolven.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Plan lector: gozar coa lectura.
- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.

Competencia dixital

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Desde esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Na área de Ciencias da Natureza adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A través da ciencia, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística. Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

Competencias sociais e cívicas

A área de Ciencias da Natureza pídennos desenvolvemento de actitudes e valores vinculados ao respecto cara a un mesmo e cara aos demais, cara á natureza, cara ao traballo propio das ciencias e o seu carácter social polo que os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Educación en valores: Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Na área de Ciencias da Natureza preténdese iniciar o alumnado na actividade científica polo que este aspecto se vincula ao desenvolvemento desta competencia. A necesidade de traballar a autonomía persoal, a xestión de grupos de traballo desde un liderado compartido fai que teñamos que fomentar habilidades de emprendemento que alcancen os obxectivos propostos.

Neste caso, os descritores que se van adestrar son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosos.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo con aquilo que consideramos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:


- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se van realizar no proceso de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.

Criterios de cualificación

O curso escolar estará dividido en tres trimestres diferenciados. Ao final de cada trimestre entregaráselles ás familias un boletín informativo que atendendo ao disposto na *Orde do 9 de xuño de 2016* de avaliación de educación primaria, terán que reflectir en notas numéricas os resultados obtidos polos alumnos. Para obter dita nota ponderaremos as notas acadadas nos controles feitos ao acabar unha unidade didáctica, e o traballo diario (así valoraremos o interese mostrado no traballo diario, a participación nas actividades propostas ,vontade de traballar e presentación e limpeza nos traballos realizados, ademais de como coida o material propio, o da aula e o do centro).

Neste curso ademais terá un peso cuantitativo o traballo escrito por unidade que se lles poderá esixir aos alumnos sobre temas coñecidos e traballados na clase.

En cada avaliación realizarase unha proba por cada unidade.



1. Traballo diario	<ul style="list-style-type: none"> •Realización sen axuda externa. •Estimación do tempo investido para resolver unha actividade. •Grao de adquisición de aprendizaxes básicas. •Orde e limpeza na presentación. •Destrezas. •Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. •Valoración entre o traballo na clase e na casa. 	20%
2. Probas orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none"> •Valoración da aprendizaxe dos contidos. •Valoración dos procesos seguidos e dos resultados. •Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación. •Valoración tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade. •Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. •Caligrafía lexible. •Tempo de realización. •Destrezas. 	60%
3. Participación, actitude e seguimento	<ul style="list-style-type: none"> •Nivel e calidade das intervencións. •Comportamento. •Esforzo. •Interese. •Iniciativa. 	20%

PARTICIPACIÓN	COMPORTAMENTO	ATENCIÓN	TRABALLO CLASE/CASA
5 ptos: participa activamente sempre ou case sempre que se lle pregunta algo. Fai incisos apropiados sen intervención do profesor.	5 ptos: amosa sempre un comportamento axeitado e case nunca causa problemas ou distrae a compañeiros. Respecta sempre as normas de clase.	5 ptos: sempre presta atención durante a clase e amosa unha moi boa actitude cara o aprendizaxe. Escoita activamente e distráese moi pouco.	5 ptos: completa sempre as tarefas e actividades diarias con corrección e adecuación, no tempo establecido. Realiza sempre ou case sempre as tarefas na casa.
4 ptos: participa activamente de xeito habitual. Non adoita intervir de motu proprio sen preguntarlle.	4 ptos: o comportamento habitual é apropiado e amosa poucas desviacións, que ocorren de forma moi ocasional. Distrae poucas veces e respecta habitualmente as normas de clase.	4 ptos: a atención é constante durante a meirande parte das clases e a súa actitude cara o aprendizaxe é boa. Distráese algo pero fai esforzo por escoitar.	4 ptos: completa as tarefas e actividades a maioría das clases con corrección e adecuación, aínda que algunhas veces se retrasa. Realiza as tarefas na casa normalmente, con algún olvido ocasional.
3 ptos: participa bastantes veces pero non habitualmente. Case nunca fai incisos de motu propio.	3 ptos: o comportamento adoita ser axeitado pero amosa bastantes desviacións. Distrae algunhas veces e respecta as normas algunhas veces.	3 ptos: presta atención unha parte das clases e distráese bastante. A súa actitude cara o aprendizaxe é mellorable.	3 ptos: completa as tarefas e actividades bastantes veces con corrección e adecuación mellorables. Adoita tardar en rematalas. Fai as tarefas na casa só algunhas veces.
2 ptos: participa só de xeito ocasional. Nunca fai incisos por iniciativa propia.	2 ptos: non se comporta ben a meirande parte do tempo. Ocasiona moitas distraccións para os compañeiros e case nunca respecta as normas.	2 ptos: a súa atención só e ocasional ou cando está motivado/a. Amosa unha actitude cara o aprendizaxe regular.	2 ptos: completa as tarefas e actividades poucas veces e amosa unha corrección e adecuación limitadas. Non se esforza para terminalas a tempo e poucas veces realiza as tarefas na casa.
1 pto: só participa se se lle require individualmente de xeito específico.	1 pto: case nunca amosa un bo comportamento e amosa moitas condutas disruptivas. Só respecta ocasionalmente algunha norma.	1 pto: non presta atención nunca ou case nunca e non amosa ningunha motivación intrínseca. A actitude cara o aprendizaxe é mala.	1 pto: case nunca completa as tarefas e actividades. Non amosa un mínimo interese para realizalas. Nunca realiza as tarefas na casa.

Posto que esta rúbrica ten unha escala de 1-5 puntos, multiplicarase por 2 a cualificación alcanzada para que estea sobre 10 puntos. Ademais, para o redondeo da nota final, terase en conta a diferenza existente entre a nota final e a nota media das probas escritas:

- Se a diferenza é maior a 1 punto, realizarase un truncamento pola unidade, é dicir, non se terán en conta as cifras decimais.
- Se a diferenza é igual ou menor a 1 punto, poderanse ter en conta as cifras decimais para un posible redondeo considerando parámetros como a evolución do alumno/a e o esforzo demostrado para superar a materia, entre outros.
- Se a diferenza é un resultado negativo (nota media das probas maior que a final), aumentarase a nota final ata a seguinte unidade.

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Partiremos dunha proba inicial dos alumnos para saber logo como vai ser o seu seguimento . A proba vai ser de xeito oral e escrito . O plantexamento dunha cuestión de razonamento para que expresen a súa opinión de xeito oral e logo unha posible explicación da mesma de forma escrita o que permitirá establecer un punto de partida.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No proceso de avaliación, identifícanse cinco niveis de calificación, e para o seu rexistro é conveniente ter a seguinte escala cualitativa ordeada de menor a maior:

IN: Insuficiente para as cualificacións negativas

Para as cualificacións positivas:

SU: Suficiente

BI: Ben

NT: Notable

SB: Sobresaliente

A estes achegaraselles unha escala numérica, sen empregar decimais, nunha escala do un ao dez; coas seguintes correspondencias:

– Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

– Suficiente: 5.

– Ben: 6.

– Notable: 7 ou 8.

– Sobresaliente: 9 ou 10.

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das Competencias do alumno de Terceiro Curso de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación para avaliar a adquisición das competencias nos alumnos/as son:

- Observación
- Proba escrita
- Proba oral
- Caderno de clase
- Tarefas familiares

Escritos

- Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.
- Caderno de clase do alumno.
- Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiabes, probas escritas individuais...).
- Traballos de grupo.
- Resolución de exercicios e problemas.
- Actividades interactivas.

Orais

- Preguntas individuais e en grupo.
- Participación do alumno/a.

- Intervencións na clase.
- Postas en común.
- Exposicións orais.

Observación directa e sistemática

- Listas de control..
- Rexistros de incidencias.

Outros

- Rúbrica de avaliación
- Persoal de avaliación.

ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Na clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que tódolos alumnos/as podan atopar algún que esté de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

RECURSOS

- O libro do alumno para a área a traballar.
- As propostas didácticas para cada unha delas.
- Os recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación, obradoiros e avaliación.
- Os materiais dixitais asociados ao tema tratado
- Ordenadores
- Xogos didácticos